



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > O CEIP LÓPEZ FERREIRO CELEBRA O DÍA DA INFANCIA NO CONCELLO

O CEIP LÓPEZ FERREIRO CELEBRA O DÍA DA INFANCIA NO CONCELLO

Enviado por [admin](#) [1] o Mér, 11/24/2021 - 10:03

O día 20 de novembro conmemórose o *Día dos Dereitos dos nenos e nenas*. Co gallo desta efeméride celebrouse no concello de Santiago de Compostela un pleno ao que estiveron convidados o colexio de Lamas de Abade de xeito telemático e o noso de xeito presencial.

Tan só puideron asistir oito alumnos e alumnas por mor das limitacións de aforo obrigadas pola pandemia. Nas súas intervencións afondaron na situación dos nenos e nenas do noso Concello, porque malia que os dereitos fundamentais están atendidos, tamén é certo que habería que fixarse nalgúns matices, como a pobreza provocada pola perda de postos de traballo, os salarios que case non permiten chegar a fin de mes ou a pobreza enerxética, cada día máis frecuente nos fogares con menos recursos.

Non esqueceron falar da situación da infancia noutros países, nos que os nenos e nenas sofren fame, guerra e todo tipo de violencias. Por iso pediron que Santiago fora unha cidade solidaria, tamén cos que viven lonxe.

O alcalde, Xosé Sánchez Bugallo e varios concelleiros de todos os partidos con representación, agradeceron a participación dos nosos alumnos e alumnas e o seu compromiso na defensa dos dereitos da infancia.



Feito con **Drupal** (ver. 6.28)



Proxecto **Webs dinámicas**

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/443>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>